

### a) **Introdución e xustificación.**

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación vela pola protección da saúde no ámbito educativo. Establece como obxectivos:

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver actitudes e adquirir coñecementos vinculados ao desenvolvemento sustentable e para os efectos do cambio climático e as crises ambientais, de saúde ou económicas e promover a saúde e os hábitos saudables de alimentación e reducir o sedentarismo.

Esta lei tamén reflicte a importancia de atender ao desenvolvemento sustentable de acordo coa Axenda 2030 no relativo á educación. No artigo 110 reivindica os camiños escolares seguros e os desprazamentos sustentables como fonte de experiencia e aprendizaxe vital e indica que o proxecto educativo recollerá un tratamento transversal da educación en valores e do desenvolvemento sustentable, entre outros. En aras de dita transversalidade nace o **Proxecto Documental Integrado “Covasmola”** que impulsa e desenvolve os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia, os contidos traballados neste proxecto abranguen todos os cursos e todas as áreas da educación primaria. Da área de ciencias da natureza traballáronse os bloques 2 e 4 (O ser humano e a saúde e Materia e enerxía). Da área de ciencias sociais os bloques 2 e 3 (O mundo que nos rodea e Vivir en sociedade). Das linguas os bloques 1,2,3 e 5 (comunicación oral, comunicación escrita e educación

literaria). Da área de matemáticas os bloques 1,2 e 5 (Procesos, métodos e actitudes matemáticas, os números e estatística e probabilidade). Da área de educación física os bloques 1 e 5 (contidos comúns en educación física e actividade física e saúde). Da área de valores sociais e cívicos o bloque 3 (a convivencia e os valores sociais). E xa por último, da área artística o bloque 2 de educación plástica (expresión artística) e os bloques 2 e 3 de educación musical (interpretación musical e a música, o movemento e a danza), por destacar os contidos máis evidentes.

As actividades secuenciáronse seguindo as conmemoracións escolares así como as propias do ciclo do ano. Todos os trimestres tiveron actividades diarias para traballar o proxecto e actividades específicas para poder afondar no mesmo. Participaron todas as aulas e todo o profesorado e contamos coa colaboración da comunidade educativa.

#### **b) Obxecto ou temática de investigación propostos.**

A axenda 2030 da ONU recolle dezasete obxectivos para o desenvolvemento sustentable (ODS).

Entre eles atópanse:

- garantir unha vida sa e promover o benestar para todas e todos en todas as idades.
- garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida.
- lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sustentables.
- garantir modalidades de consumo e produción sustentables.
- adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.

A comunidade educativa do CEIP Plurilingüe de Covas considera que debe traballar nesta liña polo que a biblioteca deseñou un proxecto global integrado denominado “Covasmola”.

Dito proxecto susténtase en tres eixos principais:

#### 1. A mobilidade

2. A sustentabilidade

3. A alimentación saudable.

**c) Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.**

No pasado curso 2020-2021 realizamos un proxecto documental integrado que levaba por título “Coidamos de nós e do noso planeta dende a biblioteca”. Este traballo deunos a evidencia de que precisamos mudar moitos aspectos en relación aos hábitos de vida que está integrando o noso alumnado si queremos ser unha escola que educa para facer do mundo un lugar mellor.

Reflexionando sobre o tema chegamos á conclusión que a muda de hábitos debía de partir de nós mesmos, dos hábitos da nosa comunidade educativa. Precisábamnos un proxecto máis grande, máis ambicioso, que fora quen de impregnar a nosa identidade como centro. Esta catarse debía de chegar para quedar como espírito definitorio e definitivo do CEIP Plurilingüe de Covas.

Obtivemos datos, a través da observación directa e o estudio de campo, de como era o día a día do noso alumnado dentro e fóra do colexio en canto á súa alimentación, os seus desprazamentos e o consumo responsable. Así que decidimos afondar nestes aspectos e ampliar o estudo ás familias, ao profesorado, ao persoal non docente, ..., á comunidade educativa en xeral. De aquí extraímos evidencias como que os adultos premiamos aos máis pequenos con comida procesada e “chuches”, facémoslle chegar a idea de que un día de lecer está ben empregado diante dunha pantalla, preparamos as merendas en envoltorios de usar e tirar, mercámoslles moita roupa que non é necesaria e non a valoramos (o alumnado deixa roupa esquecida na escola pola que ninguén volve a preguntar nunca), aínda que un 90% do alumnado vive a menos de 1km do centro ven a clase en coche ...

Por moito que traballemos nas aulas lemas como o das tres erres (reducir, reciclar, reutilizar), por citar un, se non o levamos ao día a día en algo no que o alumnado vai a ser protagonista, a aprendizaxe vai a ser moito menor.

Tamén tiñamos claro que precisábamnos que o cambio chegara ás familias. A nosa sociedade vive a un ritmo de vertixe, os horarios de traballo, as actividades dos nenos e nenas, ..., a conciliación familiar fixo proliferar un consumo rápido e pouco reflexivo có impacto que estamos causando no noso planeta. Temos claro que a comunidade educativa está informada deste feito, o que non estaba, até o de agora, era realmente concienciada. Para mudalos/as a eles precisamos ilusionalos/as, sentirse parte desta “grandiosa” pequena revolución e que os seus fillos e fillas foran quen de promover a muda.

Asentadas as bases precisábamnos un nome e un logotipo de impacto, que chamaran a atención e, ao mesmo tempo, nos representara. Con anterioridade empregáramos en publicacións en redes sociais, blogues, e demais canais de difusión, a palabra “mola” xunto ao nome do centro e resultounos divertida e próxima á infancia. Aquí nace “Covasmola” como título do PDI e, por último, faltábanos o logo. Unha nai, despois de explicarlle todo o anteriormente descrito, debuxounos esta marabilla:



Logo de dixitalizala este foi o resultado:



Nel está representado o mar, o sol e os botes da praia de Covas e os tres eixos do PDI “Covasmola”: a mobilidade, a sustentabilidade e a alimentación saudable.

O primeiro día do curso, o profesorado recibimos ao alumnado en diferentes vehículos (bicicletas, patinetes, coches a pedais, ...) e despregamos unha gran pancarta có noso logo “Covasmola” que estivo pendurada todo o curso da fachada presidindo o noso edificio.



**d) Documentación elaborada para o profesorado e o alumnado.**

O plan anual de lectura recolle o PDI “Covasmola” para ser desenrolado durante todo o curso. É importante destacar que nos proxectos deseñados pola biblioteca participan todo

a comunidade educativa, sen excepción de ningún mestre nin grupo de alumnos. O claustro entende a biblioteca como centro de recursos e fonte de orixe dos programas innovadores que se realizan no centro.

Dito profesorado tiñamos unhas expectativas e unha ilusión posta no "Covasmola" polo que, xunto á nosa asesora de formación, deseñamos un Plan de Formación Permanente do Profesorado que desenrolamos durante todo o curso 21-22 no que tivemos un curso e un seminario con poñentes que nos guiaron no proceso así como na elaboración de materiais (L2106102 - PFPP L2131105 Experiencias Covasmola; L2101064 - PFPP L2131105 Obradoiro Covasmola).

Partindo de documentos colaborativos no que poder traballar todo o profesorado, elaboramos información para as familias para as reunións de inicio de curso, deseñamos calendarios de merendas saudables, lemas, cartaces informativos, rexistros de hábitos saudables. Configuramos dúas patrullas de alumnado, unha patrulla verde e outra de mobilidade para velar polos intereses do proxecto. Incluso creamos a moeda do centro, os COVASMOLAS, deseñámola e emitímola. Todo o descrito está explicado no apartado de tarefas.

Cabe destacar tamén que todos os programas nos que participa a Bibliocovas fixémoslos xirar entorno á filosofía do noso proxecto. Falamos da Radiocovas, da Biblioteca creativa e do programa Lectura e Familias. Dita filosofía tamén se fixo extensible aos dous contratos programa cós que contamos CP Innova e CP Inclúe.

**e) Relación de tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.**

As actividades deseñadas ao longo do proxecto clasificámolas en dous tipos: Actividades diarias e actividades específicas

1. Actividades diarias.

Para desenvolver o programa a biblioteca adquiriu material para traballar o mesmo. Falamos de fondos de hábitos saudables, de alimentación e de sustentabilidade. O formato non foi só informativo, senón que incidimos en lecturas de lecer que fomentan este tipo de vida. Estes fondos foron difundidos e expostos para que o alumnado puidera acceder aos mesmos na hora de ler, como empréstito ou en diferentes momentos de lecer e traballo de aula.

As patrullas verdes encárganse de baleirar os colectores de clasificación de lixo que temos nas aulas nos colectores grandes que temos no patio. Esta patrulla, en función do lixo que recolle, tamén ten o cometido de lembrarlle ao alumnado a importancia de empregar recipientes reutilizables para non xerar lixo innecesario. **PATRULLA VERDE**

Desde o profesorado fomentouse diariamente os desprazamentos á escola a pé, en bicicleta ou en patinetes, dando exemplo e, no caso de vir en coche, deixando o mesmo fóra do reservado que existe no recinto exterior do colexio quedando ese espazo para seguridade do alumnado que chega nos seus vehículos antes de acceder ao centro. A partir do terceiro trimestre nace a “Patrulla da Mobilidade” có obxectivo de concienciar á comunidade educativa de que realicen desprazamentos saudables así como para apelar á súa responsabilidade e non acumular coches na porta poñendo en perigo a seguridade dos nenos e nenas. O noso cole está ao fondo dunha rúa sen saída onde se acumulan os coches dos proxenitores que veñen a buscar aos seus fillos/as. O profesorado non aparca no reservado para tal fin para que o alumnado teña onde agardar de maneira segura pero atopámonos co problema de que ocupan tamén ese lugar. Para conformar esta patrulla contamos coa colaboración da Policía Local de Viveiro, que non só asesorou aos nenos/as senón que os acompañan en moitas ocasións. **PATRULLA DA MOBILIDADE**

**LA VOZ DE GALICIA**

En canto aos patios a biblioteca colaborou activamente no deseño de patios inclusivos “Covasmola” no que se adquiriron vehículos, xoguetes e libros en prol do modelo covasmola como ben se fixo eco EduXunta nas súas redes sociais. [ENLACE](#)

2. Actividades específicas.

### MERCADO DE NADAL

Logo de dar a coñecer o proxecto a principio de curso e traballar sobre el nas aulas incidindo sobre os ideais que pretendíamos asumir como comunidade educativa plantexamos a primeira actividade que puidemos constatar cuantitativamente se os cambios propostos se estaban producindo realmente.

Deseñamos uns rexistros individuais de hábitos saudables que o alumnado debía cubrir diariamente. Fixemos dous modelos: un para a etapa de infantil e a outro para primaria. Nel debían recoller si traían as merendas saudables respectando o calendario divulgado a inicio de curso, se ditas merendas viñan en recipientes reutilizables e libres de plásticos innecesarios e a forma de desprazarse desde os seus fogares ata a escola puntuando se viñan a pé, en bicicleta ou en patinete. Aqueles nenos/as que vivían lonxe debían vir o último tramo antes de chegar ao cole deste xeito para poder puntuar.

Creamos os “covasmola”, a moeda do centro. E segundo foran puntuando nas súas gráficas ían gañando covasmolas, Por traer a merenda adecuada, 1 covasmola; por usar recipientes reutilizables, 2 covasmola; por realizar un desprazamento sustentable, 5 covasmola. O alumnado descoñecía ao principio dos rexistros cal era o seu fin. Así que que o souberon a motivación foi maior e a esixencia ás familias, por parte dos máis pequenos, de cumprir os mandados do proxecto tamén aumentou.

Todos os puntos acadados nos rexistros cambiáronse por covasmola que serviron para mercar no Mercado de Nadal. Os billetes foron emitidos en cantidades de 1, 2 e 5 covasmola. No caso de 4º e 5º de infantil empregouse un código de cores pola



imposibilidade de contar cantidades altas. Elaboráronse, polo tanto, tres prezos diferentes: un por cores para 4º e 5º de infantil, outro para 6º de infantil 1º e 2º de educación primaria con cantidades múltiplos de 2 e 5 e outro máis elaborado para o resto de primaria.

Organizamos un mercado onde "mercamos" libros do expurgo, produtos co logo covasmola e farois de nadal seguindo a tradición filipina, tal e como nos amosou a nosa lectora de inglés. Fomos coa nosa bolsa reutilizable co logo de covasmola.

### VER MERCADO

### DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES E AS NENAS NA CIENCIA (11/2)

O alumnado de 1º de Educación Primaria foi seleccionado na Iniciativa para celebrar o Día das Mulleres e as Nenas na Ciencia "Atrévete a pescudar con elas" convocada pola Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña. Presentaron un vídeo onde lles fixeron preguntas ás científicas relacionadas co proxecto covasmola. VÍDEO ALUMNADO RESPOSTA CIENTÍFICAS

### ENTROIDO

Unha das industrias máis contaminante do mundo é a textil. Concienciamos ao noso alumnado do problema vendo documentais e noticias. Reflexionamos sobre o uso e aprecio que lle damos á roupa, a cantidade que compramos e a importancia que lle damos cando a perdemos. Creamos un recuncho no que colocamos un burro con toda a roupa que hai no cole que ninguén sabe de quen é. Colgamos fotos da mesma nas redes sociais e aínda así seguimos con el cheo de todo.

Non é momento de mercar un disfrace nin teas para elaboralo e poñelo un día solo. Que facemos? O alumnado decidiu elaborar o seu propio disfrace a partir de roupa usada. Aquí nace a MODA COVASMOLA. Xuntamos roupa usada e deseñamos novos modelos a partir do que xa tiñamos. Fixemos patróns, debuxamos maniquís e cosemos a man e a

máquina. Desde este curso formamos parte das Bibliotecas Creativas de Bibliotecas Escolares.

Para o día da festa colocamos unha pasarela e organizamos un desfile de moda para amosar as creacións. **OBRADOIRO DISFRACES**

Seguindo a estela creativa cambiámoslle a letra á canción "No controles" de Olé Olé e cantámola ao rematar o desfile. **CANCIÓN** **ACTUACIÓN**

### MERCADO DE PRIMAVERA

Despois do mercado de Nadal os nenos e nenas non deixaban de preguntar cando ía haber outro mercado así que decidimos crear o mercado de primavera introducindo algúns cambios que nos permitiran afondar na mobilidade, o hábito que máis traballo nos estaba custando mudar. Así que redeseñamos os rexistros e o que máis puntuaban eran os desprazamentos. A recollida de datos durou máis tempo que na primeira ocasión polo que a dificultade de manter o compromiso no tempo se fixo tamén máis complicada.

Neste mercado de primavera cos covasmola obtidos "mercamos" unha merenda saudable que debíamos elaborar co pan, fiame, verduras e froitas que se ofertaban. Despois tamén tivemos libros de espurgo, produtos covasmola, cepillos de dentes sustentables e muíños de vento elaborados polo alumnado. **MERCADO DE PRIMAVERA**

### OBRADOIROS DE LECTURA E FAMILIAS

Ademais da Biblioteca Creativa este curso tivemos o enorme pracer de ser seleccionados dentro do programa Lectura e Familias. A pandemia pechou os centros educativos ás familias e este programa foi o contexto perfecto para abrila de novo.

Precisábamnos seguir emocionando á nosa comunidade có Covasmola así que pensamos que a mellor maneira era que un dos poñentes que o profesorado tivo no PFPP para levar a cabo o proxecto, fora o encargado de transmitirllo ás familias.

Así organizamos o obradoiro "Co-creando". Cociñando receitas para o cambio". Tivemos tres sesións de tarde. [CONVOCATORIA](#) [SESIÓN 1](#) [SESIÓN 2](#) [SESIÓN 3](#)

### DÍA DA ARTE GALEGA

O 1 de xuño celebramos o día da Arte Galega. Acordamos co alumnado pintar os muros exteriores do colexio con lemas covasmola creados para tal fin nas aulas. [MUROS](#)

As tormentas de verán non foron respectuosas co traballo realizado e estragaron o mural.

Os pais e nais acudiron a a arranxar a desfeita. [COMUNIDADE](#)

### I RUTA DIVER COVASMOLA "DIVERSIDADE DIVERTIDA"

Covas ten praia pero tamén ten monte. Deseñamos unha ruta de sendeirismo que incluíra os dou espazos unha parte polos sendeiros do monte e outra polo paseo marítimo.

Esta ruta ten como obxectivo difundir entre a Nosa comunidade educativa a importancia da solidariedade responsable, da igualdade de oportunidades, do traballo en equipo e da inclusión educativa e social. Desprazarse a pé é moi divertido e si o facemos con amigos máis. [CONVOCATORIA](#) [RUTA](#)

### DÍA DA MOBILIDADE

Covasmola aposta pola mobilidade sustentable ao mesmo tempo que orienta ao alumnado a empregar patinetes e vehículos a pedal no seu tempo de lecer. Queremos que reclamen as bicicletas e que queiran ir a parques e lugares onde o xogo ao aire libre tome todo o protagonismo en contra do sedentarismo que leva consigo o abuso dos videoxogos e as pantallas en xeral.

Configuramos entón unha xornada na que empregamos estes vehículos con circuitos e xogos no patio do colexio. [MOBILIDADE](#)

### PRAIA DE COVAS

O noso colexio está en Covas, a parroquia do concello de Viveiro. Pero covas tamén e o nome da praia urbana que máis o identifica da que estamos a escasos 100 metros.

Organizamos unha xornada na mesma con todo o alumnado. Escollemos unha zona e limpámola de lixo. Queremos unha praia limpa e debemos mantela así. Creamos grupos verticais con nenos e nenas de todas as aulas mesturados e recollemos elementos naturais como cunchas e vexetación que, xunto coa area, nos serviu para facer unha creación artística nun espazo delimitado para tal fin por grupo. Debuxámolo. Merendamos seguindo o calendario saudable e finalmente xogamos coa area e a xogos de equipo.

## PRAIA

### I ROMERÍA COVASMOLA

Para pechar o curso e despois de estar sumidos en tantas restricións causadas pola pandemia o alumnado manifestounos que querían ter unha festa igual que se estaban a recuperar as festas populares por parte das vilas e cidades.

xurde así a I ROMARÍA COVASMOLA. Cada aula elaborou unha atracción/xogo con materiais reutilizables e de refugallo e púxolle un nome. Os grupos rotaron por todos os postos. Incluso tivemos un posto a modo de bar onde comer empanada e beber zume de laranxa espremida polos nenos. Non podía faltar a música polo que rematamos a xornada cun concerto de Paco Nogueiras. ROMARÍA

#### **f) Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.**

Os recursos materiais empregados para o desenvolvemento do proxecto foron, ademais dos fondos adquiridos a principio de curso, os elaborados entre o profesorado e o alumnado e que apoiaron as actividades deseñadas en cada momento. Empregáronse os ordenadores tamén para a procura de información, visionado de vídeos e elaboración de cartaces.

Os recursos humanos viñeron da man do PFPP e dos seus poñentes para acompañarnos e guiarnos no proceso. Tivemos a Sandra Oliete García (xefa de estudos) que nos formou

no traballo por proxectos e contextos de aprendizaxe competenciais que se emprega no seu centro, o CEIP Torre Cela de Bueu. Abel Muíño Piñeiro do CEIP San Ramón de Moeche, que nos formou no apartado da mobilidade e por último a Lucas Requejo, como el mesmo se define “ Curioso. Galego. Creativo. Inspirando accións de cambio pola vida sostible”. Lucas Requejo, profesional adicado ao desenvolvemento de proxectos relacionados coa alimentación saudable e a sustentabilidade, axudounos a establecer uns obxectivos reais e alcanzables para que o proxecto fora exitoso.

#### **g) Implicación da comunidade educativa, no seu caso.**

Fomos conscientes desde o deseño do proxecto que o seu éxito dependía en moi alto grado da comunidade educativa e de certo que responderon de xeito positivo. Os eixos da alimentación saudable e da sustentabilidade foron máis doados de traballar que coa mobilidade. Para conciencialos sobre os desprazamentos ata o cole e establecer un camiño seguro e sustentable precisamos do Concello de Viveiro, da Policía local e da alcaldesa.

Unha representación da patrulla da mobilidade solicitoulle á alcaldesa e ao xefe da Policía Local que nos visitara no centro para facerlles chegar os problemas que temos có tráfico na porta da escola e solicitar a súa intervención. [ALCALDESA E XEFE DE POLICÍA](#)

A reunión tivo os seus froitos e desde a data Policía Local e a patrulla da mobilidade velan pola seguridade do noso alumnado nos desprazamentos ata o colexio.

#### **h) Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.**

Para difundir o proxecto empregamos principalmente o blogue da biblioteca, no que todas as entradas levan asociados os ODS que se traballaron e a páxina do colexio en facebook. Tamén saímos na prensa en varias ocasións. [ARTIGO 1](#)

As comunicacións coas familias realizáronse a través do Abalar.

Blogue da Bibliocovas <http://covastk.blogspot.com/>

Páxina Facebook <https://www.facebook.com/ceipcovas>

**i) Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e a competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.**

A avaliación será global, procesual e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. As competencias clave máis traballadas neste proxecto foron:

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CAA)

f) Competencias sociais e cívicas (CSC)

g) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

Aínda que tamén se traballou a competencia matemática (CMCT) có manexo da moeda covasmola, a competencia dixital na procura de información e deseño de cartaces e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) formando patrullas, organizando reunións coas autoridades na procura de solucións

Para avaliar o proxecto empregamos a observación directa e os rexistros do noso alumnado e profesorado. O punto de partida, os hábitos do noso alumnado e profesorado (avaliación inicial). Pouco a pouco, introducimos pequenos hábitos que sumados producen grandes cambios. Utilizamos follas de rexistro para o alumnado e para o profesorado: respectar o menú saudable, utilizar envases reutilizables, vir a pé, bicicleta, patinete ao colexio... Cando comprobamos que estes hábitos xa formaban parte das nosas vidas, incorporamos novos hábitos.

Ao principio a adquisición dos hábitos estaba relacionada coa obtención de cartos covasmola para mercar produtos nos mercados. Pouco a pouco, os hábitos formaron parte de cada un de nós: Son unha nena/o san, gústame coidarme e protexo ao meu planeta.

Observamos se a muda de hábitos se mantiña cando estes non estaban directamente relacionados coa obtención de cartos covasmola e pola contra se mantiña no tempo sen necesidade de motivacións externas. Os venres figuraba como día libre no calendario de merendas saudables. O feito de que este día tamén trouxeran algo saudable funcionou como indicador.

Para as familias creamos enquisas o impacto de covasmola na súa vida diaria. **ENQUISA**

## **FAMILIAS**

### **l) Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.**

O equipo de biblioteca, có apoio do equipo directivo, foi o artífice do Proxecto Documental Integrado “Covasmola”, coordinou e elevou ao claustro todas as propostas elaboradas para ser traballadas no mesmo e deseñar a súa aplicación.

É preciso tamén destacar que todo o claustro e a comunidade educativa o fixeron posible.

Sen a implicación de todos estes axentes o seu desenrolo non sería posible.